

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE FEBREIRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día oito de Febreiro de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso. Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Coma Secretario accidental actúa Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, celebrada o día 1 de Febreiro corrente.

2.- OBRAS.-

A Comisión de Goberno, á vista do correspondente expediente e coma complemento da licenza concedida con data 26 de Novembro de 1992 a Dona Elisa Fidalgo Martínez, con domicilio na rúa Praza Maior, 13, sobre obras no devandito inmobile, agora concede tamén autorización á mesma para levar a cabo a actuación concreta de execución de reforma e cuberta, segundo o proxecto técnico presentado, coa obriga de suprimi-la balaustrada de cemento.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Claudio Travieso Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa López Ramón, 23, 2º, que xustifica unha doazón a prol da súa filla, Dona Asunción Travieso Alonso, dunha finca sita na paraxe Chaiña, na que se constrúe un inmobile coa preceptiva licenza municipal, a Comisión de Goberno accede ó interesado polo Sr.Travieso Rodríguez para que tódalas relacións administrativas relacionadas coa propiedade obxecto de doazón sexan mantidas precisamente con Dona Asunción Travieso Alonso; que se dea conta deste acordo ó

Servicio de Recadación Municipal, ós conseguintes efectos.

Visto o escrito de Don Antonio Fernández Sánchez, habilitado de clases pasivas, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Habana, 43, 1º dereita, que representa a Don Luís Domínguez Vázquez, sobre certificación de cotizacións a prol do Sr. Domínguez Vázquez durante o tempo en que prestou servicios como Alguacil-Porteiro neste Concello, a Comisión de Goberno deixa constancia de que se interesou informe da Mutualidade de Administración Local; unha vez que se reciba o devandito informe acadarase o acordo correspondente.

Visto o escrito de Don Manuel José Fernández Cuiñas, veciño de Cortegada, con domicilio na rúa Fermín Bouza Brey, 40, que fai referencia a unha obra que levou a cabo neste Concello, nomeada "Remozado Vestiarios no Pavillón Municipal de Deportes", que xa está certificada, e interesando que se faga aboamento do importe da mesma a quen en dereito corresponda, a Comisión de Goberno acorda que, unha vez que se reciba a subvención da Xunta para esta obra, se faga ingreso da mesma no Xulgado de Primeira Instancia desta Vila segundo a comunicación oficial, da que xa se tomou nota dimanante dun proceso de embargo que se tramita en tal Xulgado.

Visto o escrito de Don Xosé Sánchez Moreiras, Secretario da Asociación Cultural-Ecolóxica "Ridimoas", de data 5 de Febreiro corrente, a Comisión de Goberno, acorda comunicar ó interesado que xa se están levando a cabo as xestións pertinentes para que non se realicen verquidos de lixo e escombros no campo de San Cristovo.

Visto o escrito de Don Alfredo Fernández Vázquez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 24, no que prega se lle informe do réxime urbanístico de aplicación a unha finca da súa propiedade sita na rúa Yáñez, 22, de Ribadavia, a Comisión de Goberno, tendo en conta os informes técnicos que se atopan no expediente, e sen prexuízo de presenta-lo correspondente anteproxecto e fotografías das fachadas, acorda dar traslado ó interesado das seguintes condicións de edificación: Aliñacións, a actual; fondo, o existente.- Deberá adxuntar documentación gráfica e fotográfica que o acredite; altura, baixo e dúas plantas.- Deberá conserva-la cantería actual.- Pode resolve-la segunda planta en galería ou balcón típico da zona; cuberta, a dúas augas con faldóns paralelos á alzada.- Queda prohibido azoteas e trocos de pendente.- A inclinación da pendente será entre 20 e 30 graos, cunha altura máxima de cumio de 3,50 metros.- A baixocuberta pode ser habitable, dando ventilación e

iluminación por fiestras en cuberta; materiais, utilizará a cantería existente na alzada principal.- Tanto a alzada traseira como as medianeiras trataranse con material digno.- A cuberta será de tella curva con aleiros.- As chemineas trataranse do mesmo xeito cás alzadas principais.- Os canalóns e baixantes irán interiores.- A carpintería será de madeira pintada en verde escura, branca ou marrón.- Non se permiten persianas de PVC.- Pode utilizar contras interiores de madeira.- Os balcóns serán de ferro pintado nas cores da zona.- As remocións do terreo deberán ir precedidas dunhas catas arqueolóxicas básicas de sondaxe por se puidesen aparecer restos de interese.- Os gastos deberán ser sufragados pola propiedade.- Tendo en conta que estas condicións foron determinadas pola Comisión de Patrimonio, sen prexuízo dos recursos propios da Administración Local pode interpor recurso de alzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Xuventude no prazo de quince días a partir do seguinte á notificación deste acordo.

Visto o escrito de Don Juventuno Fernández Juste, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Porta Nova de Arriba, 17 B, que fai referencia a outro inmovible, de Don Ricardo Davila, na mesma Porta Nova de Arriba, 17; e visto o dictame da Comisión de Patrimonio e mesmo o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno acorda que é procedente levar a cabo a restauración da fachada e retellado da cuberta, con substitución dos elementos de PVC, dentro da maior brevidade posible.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, no que prega se lle devolva un aval que constituiu no seu día co gallo da execución da obra "Reparación da Escola de Francelos", a Comisión de Goberno, coma trámite previo, e sen prexuízo doutras consideracións, acorda que se publique o correspondente anuncio de devolución de aval no Boletín Oficial da Provincia.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a fincas da súa propiedade sitas nesta Vila, na paraxe de Santo Domingo, a Comisión de Goberno acorda que se faciliten ó Sr. Aparellador Municipal tódolos antecedentes que se mencionan no seu informe do 29 de Xaneiro pasado, para que poida establece-las condicións urbanísticas que son de aplicación; cumprido que sexa, tráíase de novo o expediente para a adopción do acordo que corresponda.

A Comisión de Goberno acorda conceder autorización a Don Etelvino Tizón Pérez, veciño de San Cristovo, para a acometida

de auga, para uso doméstico, na súa vivenda sita no devandito lugar, nº 30; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión técnica dos señores encargados do servizo municipal. O interesado fará aboamento na Tesourería Municipal da cantidade de 7.000 pesetas, importe da taxa desta licenza, sen o cal requisito ficaría nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión de Goberno, os seguintes:

Do Goberno Civil, sobre o inventario de bens municipais.

Da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre axudas por interese social ou humanitario.

Concerto de colaboración de prácticas en empresa co Centro de Formación Profesional desta Vila.

Ordes do 11 e 12 de Xaneiro de 1993, sobre axudas ós Concellos para construcións e equipamentos en materia de xuventude e para o fomento e a realización de actividades xuvenís, respectivamente.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó expediente de xeración de créditos nº1/1993, dentro do Orzamento Municipal vixente, que ten o seguinte detalle: aumentos na partida 751.226.07, de 5.100.000 pesetas para a Feira do Viño de 1992; partida 452.632.00, de 2.000.000 pesetas para a obra de remozado de Vestiarios no Pavillónn Polideportivo; o financiamento deste expediente atópase no concepto 455.00, por transferencias da Administración Autonómica. Que se dea conta ó Pleno deste expediente na primeira sesión que celebre.

A Comisión de Goberno presta aprobación á certificación nº 1 da obra 44/8/91, "Saneamento en Francelos e rúa Salgado Moscoso", na que se acredita ó seu contratista un importe de 6.177.407 pesetas, sendo a cargo do Concello 1.609.832 pesetas, dispoñendo que se faga ingreso da parte sinalada do Concello na Tesourería da Deputación Provincial cando as dispoñibilidades económicas así o permitan.

Por último a Comisión de Goberno presta aprobación á certificación nº 1 da obra 117/8/92, "Depuradora residuais en Ribadavia", na que se acredita ó seu contratista un importe de 8.558.484 pesetas, sendo a cargo deste Concello 2.036.920 pesetas, dispoñendo que se faga ingreso da parte sinalada do Concello na Tesourería da Deputación Provincial cando as dispoñibilidades aconómicas así o permitan.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as oito menos cuarto do serán o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-